

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CULLEREDO

Persoal e Organización

Convocatoria e bases específicas do proceso extraordinario de estabilización de emprego temporal de longa duración do Concello de Culleredo.

Anuncio

Convocatoria e Bases específicas que rexerán os procesos selectivos para a provisión ou contratación, mediante o sistema de concurso de méritos, de diversas prazas vacantes de persoal funcionario e laboral fixo do Concello de Culleredo, incluídas no proceso extraordinario de estabilización de emprego temporal de longa duración contido na disposición adicional sexta da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

CONVOCATORIA

É obxecto da presente convocatoria a provisión como funcionarios/as de carreira ou contratación como persoal laboral fixo, mediante o sistema de concurso de méritos, de diversas prazas vacantes de persoal funcionario e laboral fixo do Concello de Culleredo incluídas no proceso extraordinario de estabilización de emprego temporal de longa duración contido na Disposición Adicional Sexta da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, e incluídas na Oferta de Emprego Público de carácter extraordinaria dentro do proceso de estabilización de emprego temporal de longa duración para o exercicio 2022 (BOP núm. 242 de 22 de decembro de 2021)

Código RPT	Denominación praza	Tipo de vínculo xurídico	Grupo	Número prazas ofertadas
MS.1.2.01	Enxeñeiro/a técnico/a agrícola	Persoal funcionario - Administración especial	A2	1
BS.2.2.07	Mediador/a social	Persoal funcionario - Administración especial	A2	1
BS.2.2.05	Educador/a social	Persoal funcionario - Administración especial	A2	1
DF.1.2.02	Técnico/a de orientación	Persoal funcionario - Administración especial	A2	1
DF.1.2.03	Axente de emprego e desenvolvemento	Persoal funcionario - Administración especial	A2	1
CE.1.4.02 CE.1.4.01	Auxiliar administración xeral (denominación RPT: Auxiliar administrativa/o)	Persoal funcionario - Administración xeral	C2	2
BS.1.4.03 BS.1.4.04	Auxiliar de información	Persoal funcionario - Administración xeral	C2	2
SC.2.4.03 SC.2.4.04	Auxiliar emerxencias e protección civil	Persoal funcionario - Administración especial	C2	2
AL.3.5.04 CE.1.5.01 CE.2.5.03	Conserxe	Persoal funcionario - Administración xeral	AP	3
CE.4.1.11	Profesor/a percusión	Persoal laboral fixo	I-a	1
CE.3.3.03	Locutor/a	Persoal laboral fixo	III	1
CE.3.04.01	Técnico son -locutor	Persoal laboral fixo	IV	1

Os procesos selectivos rexeranse polo establecido na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, polo disposto nas Bases xerais aprobadas pola Xunta de Goberno Local deste Concello en sesión celebrada o 16 de novembro de 2022, e polo previsto nas presentes Bases específicas.

BASES ESPECÍFICAS DA CONVOCATORIA

Primeira.- É obxecto das presentes bases específicas, a regulación dos procesos selectivos para a provisión ou contratación, mediante o sistema de concurso de méritos, das prazas que se relacionan vacantes de persoal funcionario e laboral fixo do Concello de Culleredo, incluídas no proceso extraordinario de estabilización de emprego temporal de longa duración contido na disposición adicional sexta da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público:

Código RPT	Denominación praza	Tipo de vínculo xurídico	Grupo	Número prazas ofertadas
MS.1.2.01	Enxeñeiro/a técnico/a agrícola	Persoal funcionario - Administración especial	A2	1
BS.2.2.07	Mediador/a social	Persoal funcionario - Administración especial	A2	1
BS.2.2.05	Educador/a social	Persoal funcionario - Administración especial	A2	1
DF.1.2.02	Técnico/a de orientación	Persoal funcionario - Administración especial	A2	1
DF.1.2.03	Axente de emprego e desenvolvemento	Persoal funcionario - Administración especial	A2	1
CE.1.4.02 CE.1.4.01	Auxiliar administración xeral (denominación RPT: Auxiliar administrativa/o)	Persoal funcionario - Administración xeral	C2	2
BS.1.4.03 BS.1.4.04	Auxiliar de información	Persoal funcionario - Administración xeral	C2	2
SC.2.4.03 SC.2.4.04	Auxiliar emerxencias e protección civil	Persoal funcionario - Administración especial	C2	2
AL.3.5.04 CE.1.5.01 CE.2.5.03	Conserxe	Persoal funcionario - Administración xeral	AP	3
CE.4.1.11	Profesor/a percusión	Persoal laboral fixo	I-a	1
CE.3.3.03	Locutor/a	Persoal laboral fixo	III	1
CE.3.04.01	Técnico son -locutor	Persoal laboral fixo	IV	1

Os procesos selectivos rexeranse polo establecido na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, polo disposto nas Bases xerais aprobadas pola Xunta de Goberno Local deste Concello en sesión celebrada o 16 de novembro de 2022, e polo previsto nas presentes Bases específicas.

Segunda.- Cota de reserva para persoas con discapacidade

Dentro do proceso extraordinario de estabilización de emprego temporal de longa duración contido na disposición adicional sexta da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, se convocan dentro da cota de reserva para persoas con discapacidade as seguintes prazas:

OPE 2020: 1 praza de conserxe

OPE 2021: 1 praza de técnico/a de son-locutor/a

Terceira.- Publicación da convocatoria.

A convocatoria publicarase íntegra no Boletín Oficial da Provincia e un extracto da mesma no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial do Estado. Así mesmo, tamén se publicará no Taboleiro de Edictos do Concello de Culleredo e na sede electrónica do mesmo, <http://www.culleredo.es/> (en diante sede electrónica).

O resto das publicacións a que faga referencia a lexislación vixente entenderanse referidas exclusivamente ao BOP, Taboleiro de Edictos do Concello e á sede electrónica.

Cuarta.- Requisitos dos aspirantes.

Para ser admitidos á realización dos procesos selectivos, os aspirantes deberán reunir os requisitos establecidos na Base Segunda das Bases Xerais .

Ademais, en función do grupo de clasificación ao que pertencen a/s praza/s e a categoría da/s mesma/s, establécense os seguintes requisitos de titulación:

Denominación praza	Titulación
Auxiliar de información	Título de Graduada/o en ESO ou equivalente
Auxiliar administración xeral (denominación RPT: Auxiliar administrativa/o)	Título de Graduada/o en ESO ou equivalente
Conserxe	Certificado de escolaridade, Graduado escolar ou Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria ou equivalente (equivalencias segundo o previsto na Orde EDU/1603/2009 do 10 de xuño do Ministerio de Educación e concordantes)
Enxeñeiro/a técnico/a agrícola	Título de enxeñeira/o técnico agrícola ou título universitario de Grao ou equivalente.
Mediador/a social	Licenciatura/Grao en Psicología, Pedagogía, ou Psicopedagogía; Diplomatura/Grao en Educación social, Traballo social; ou equivalente.
Locutor/a	Título de Bacharelato ou Técnico, ou equivalente
Técnico son - locutor	Título de Graduada/o en ESO ou equivalente.
Educador/a social	Diplomatura/Grao en Educación Social, ou estar habilitada/o como educador/a social polo Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia ou outro colexio profesional de educación social do Estado.
Técnico/a de orientación	Grao universitario, diplomatura universitaria ou equivalente
Axente de emprego e desenvolvemento	Grao universitario, diplomatura universitaria ou equivalente
Auxiliar emerxencias e protección civil	Título de Graduada/o en ESO ou equivalente
Profesor/a percusión	- Título superior de música establecido no artigo 54 da Lei orgánica 2/2006 do 3 de maio de educación ou equivalente, na especialidade correspondente. -Título de Doctor, Licenciado, Enxeñeiro, Arquitecto ou Título de Grao correspondente ou outros títulos equivalentes a efectos de docencia, determinados no Anexo VII do Real Decreto 276/2007, de 23 de febrero, para cada especialidade.

No caso de titulacions obtidas no estranxeiro, deberase estar en posesión da correspondente convalidación ou da credencial que acredite, no seu caso, a homologación.

No seu caso, a equivalencia entre a titulación esixida na convocatoria e a achegada polo aspirante deberá ser acreditada por este a través de certificado expedido a este efecto pola Administración competente.

Os aspirantes deberán cumprir os mencionados requisitos na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes e mantelos durante todo o proceso selectivo.

Quinta.- Solicitudes

5.1. As solicitudes deberán cumprimentarse no modelo oficial que se achega a estas bases, podéndose obter tamén a través de Internet, na sede electrónica.

O domicilio que figure na instancia considerárase o único válido a efectos de notificación, sendo responsabilidade exclusiva do aspirante a comunicación á Unidade de Persoal de calquera cambio de domicilio. O mesmo ocorrerá co número de teléfono e dirección de correo electrónico.

En caso de presentarse as solicitudes de participación por calquera dos modos previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que non sexa o Rexistro Xeral do Concello de Culleredo, copia da solicitude de participación presentada deberá ser remitida ao e-mail persoal@culleredo.es. De utilizarse estes modos de presentación, deberá remitirse por e-mail copia exclusivamente da solicitude dentro do mesmo día da súa presentación no organismo correspondente. Non será necesaria dita comunicación cando a solicitude se presente en sede electrónica.

As instancias presentadas no Rexistro das Administracións Públicas sinaladas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, serán datadas e seladas polo funcionario/a correspondente dentro do prazo de presentación de solicitudes.

Só neste caso entenderase que as instancias tiveron entrada no Rexistro Xeral do Concello na data en que foron entregadas nos mencionados rexistros.

Os/as aspirantes deberán facer constar que reúnen todas e cada unha das condicións que se esixen nas bases, referidos sempre á data de expiración do prazo de presentación de solicitudes.

A solicitude irá acompañada da seguinte documentación, e en calquera caso da disposta nas bases xerais:

1. Fotocopia simple do Documento Nacional de Identidade ou pasaporte, sempre en vigor, e sen prexuízo da obrigación futura de presentación do orixinal ou fotocopia compulsada.

2. Fotocopia simple da titulación académica oficial requirida na convocatoria, sen prexuízo da obrigación futura de presentación do orixinal. Equivalerá ao título un certificado acreditativo de reunir os requisitos para a expedición do mesmo, emitido polo organismo público competente, así como o xustificante de liquidación do pago das taxas académicas pola súa expedición.

3. Relación dos méritos que se acrediten por cada un dos apartados de que conste o concurso.

4. Os/as aspirantes deberán achegar xunto coa solicitude fotocopia dos documentos acreditativos dos méritos alegados. Non será necesaria a compulsa dos documentos que se presenten fotocopiados, bastando a declaración xurada do/da interesado/a sobre a autenticidade dos mesmos, así como dos datos que figuran na instancia, sen prexuízo de que, en calquera momento, a Tribunal de Valoración ou os órganos competentes do Concello de Culleredo poidan requirir aos/as aspirantes que acrediten a veracidade das circunstancias e documentos achegados e que fosen obxecto de valoración. A data límite para a alegación dos méritos e a presentación dos documentos relativos aos mesmos será a de finalización do prazo de presentación de solicitudes. En ningún caso valoraranse méritos non acreditados documentalmente en prazo. Os méritos relativos á experiencia profesional por servizos prestados no Concello de Culleredo acreditaranse mediante certificado expedido pola Secretaría do Concello.

5. Título de galego que corresponda segundo á praza á que se opte, aos efectos de exención, no seu caso, da acreditación dos coñecementos da lingua galega.

Denominación praza	Título de galego requirido
Enxeñeiro/a técnico/a agrícola	Celga 4 ou equivalente
Mediador/a social	Celga 4 ou equivalente
Educador/a social	Celga 4 ou equivalente
Técnico/a de orientación	Celga 4 ou equivalente
Axente de emprego e desenvolvemento	Celga 4 ou equivalente
Auxiliar administración xeral	Celga 3 ou equivalente
Auxiliar de información	Celga 3 ou equivalente
Auxiliar emerxencias e protección civil	Celga 3 ou equivalente
Conserxe	Celga 2 ou equivalente
Profesor/a percusión	Celga 4 ou equivalente
Locutor/a	Celga 4 ou equivalente
Técnico son - locutor	Celga 3 ou equivalente

6. Certificación negativa do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais da persoa solicitante, para as prazas de: conserxe, mediador/a social, educador/a social e profesor/a de percusión.

7. As/Os aspirantes que concursen á praza de profesor/a de percusión deberán acreditar a formación pedagóxica e didáctica á que se refire o artigo 16 do Real Decreto 303/2010, de 15 de marzo, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que impartan ensinanzas artísticas reguladas na lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOE) así como na propia LOE.

1. As/Os aspirantes que concursen á prazas de Auxiliar de Emerxencias e protección civil, deberán acreditar estar en posesión do carné de conducir C1.

Prazo de presentación de solicitudes. O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días naturais contados a partir do seguinte á publicación do anuncio do extracto da convocatoria no Boletín Oficial do Estado, onde figurará a oportuna referencia ao lugar onde se atopan publicadas as presentes Bases específicas.

A non presentación da solicitude en tempo e forma supoñerá a inadmisión do aspirante ao proceso selectivo.

Sendo un proceso de concurso de méritos non se require o pagamento de taxas de exame.

Sexta.- Admisión de aspirantes.

Regularase de conformidade co disposto nas Bases xerais polas que se rexe o proceso selectivo.

Sétima.- Tribunal de valoración.

Rexerese polo disposto nas Bases xerais reguladoras do proceso selectivo.

Oitava.- Sistema selectivo.

8.1. Os procesos de selección realizaranse a través do sistema de concurso de méritos.

As certificacións dos servizos prestados no Concello de Culleredo serán incorporadas ao expediente pola Unidade de Persoal, debendo facerse constar expresamente na solicitude que os datos están en poder desta Administración.

8.2 A valoración de méritos levará a cabo conforme ao establecido nas Bases xerais que rexen o proceso selectivo, coas seguintes determinacións:

A titulación esixida como requisito para participar no proceso selectivo, sinalada na Base Cuarta das presentes Bases específicas, non será obxecto de valoración.

A. Experiencia profesional: máximo 90 puntos.

A.1 Os servizos prestados no Concello de Culleredo, en postos/prazas de iguais ou similares funcións e do mesmo grupo da categoría da convocatoria, a razón de 0,94 puntos por mes traballado.

A.2 Os servizos prestados noutras Administracións Públicas, en postos/prazas de iguais ou similares funcións e do mesmo grupo da categoría da convocatoria, a razón de 0,22 puntos por mes traballado.

A.3. Servizos prestados non resto do sector público: 0,03 puntos por mes completo.

A acreditación dos méritos relativos aos servizos prestados no Concello de Culleredo se levará a cabo mediante o certificado de servizos prestados (formato "Anexo I") emitido pola Secretaría deste Concello, que se incorporará ao expediente unha vez que os aspirantes fagan constar expresamente na solicitude que devanditos datos obran en poder desta Administración.

A acreditación dos méritos referentes aos servizos prestados noutras Administracións Públicas a que se refire o apartado A.2 da presente Base Oitava realizarase mediante a achega polo aspirante dos seguintes documentos, sendo necesaria a achega conxunta de ambos os para que estes sexan valorados:

- Certificación da Administración Pública correspondente na que deberán figurar, polo menos: a Administración Pública, o vínculo ou réxime xurídico, a denominación da praza/posto, data de inicio e data fin (formato "Anexo I").
- Informe de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

En ambos os casos, á hora de valorar o tempo de servizos prestados atenderase a se estes foron prestados a xornada completa ou a tempo parcial, puntuándose neste último caso en proporción á duración da xornada en relación coa xornada ordinaria.

Non se terán en conta fraccións inferiores a un mes, entendendo un mes por 30 días naturais.

No caso de que os documentos achegados non xustifiquen plenamente os méritos alegados dando lugar a dúbidas ao órgano cualificador, os mesmos non se terán en conta e non serán valorados nin puntuados.

Non se computarán os servizos prestados simultaneamente con outros igualmente alegados. Tampouco se computarán os servizos realizados mediante contratos para persoal eventual, de servizos suxeitos á lexislación de contratos do sector público, en réxime de colaboración social, os períodos de prácticas formativas nin das bolsas de colaboración ou de formación, sen prexuízo de que en función do contido das mesmas puidéronse valorar como mérito académico (cursos de formación). Así mesmo tampouco se computará como experiencia no ámbito das Administracións Públicas a adquirida ao servizo de empresas que prestan servizos externalizados polas devanditas Administracións.

B. Méritos Académicos: máximo 10 puntos

B.1 Formación xeral:

Valorarase a realización de cursos homologados polas diferentes Administracións Públicas, ou outras entidades do sector público, ou os realizados non ámbito da formación para o emprego ou os acordos da formación continua cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias da praza obxecto da convocatoria, e os considerados transversais polo seu interese para todos os postos como os de lingua galega, linguas estranxeiras, prevención de riscos laborais, dereitos e deberes dous empregados públicos, igualdade, a protección de datos, a atención ao cidadán, a protección do medio ambiente desde o ámbito laboral e os de contido ofimático, entre outros.

Por grupos e subgrupos de titulación, a táboa de horas requiridas para acadar a puntuación máxima sería:

Grupo A 1: 100 horas (0,100 puntos hora)

Grupo A2: 80 horas (0,125 puntos hora)

Grupo B: 50 horas (0,200 puntos hora)

Grupo C1: 30 horas (0,333 puntos hora)

Grupo C2: 20 horas (0,500 puntos hora)

Grupo AP: 10 horas (1,000 puntos hora)

- Titulación Superior a requirida para ou acceso e relacionada coa praza: 1 punto

Non serán valorados aqueles cursos cuxa duración non estea xustificada.

Os cursos de formación e perfeccionamento xustificaranse mediante certificado do organismo que os impartiu ou homologou, no que deberá constar a materia e o número de horas lectivas.

Con todo, o Tribunal poderá requirir en calquera momento do procedemento a achega da documentación orixinal que considere necesaria, sen que iso supoña en ningún caso efectos subsanatorios. A non achega dos documentos orixinais xustificativos a requirimento do Tribunal conlevará a perda da puntuación que puidese corresponder para a fase de concurso.

Non se prevé a valoración de formación específica algunha segundo o disposto no base 6.2.2 apartado 2.2 das bases xerais.

COÑECEMENTO DE GALEGO Carácter obrigatorio e non eliminatorio para todos/as os/as aspirantes que non aporten título para exención da acreditación do coñecemento da lingua galega. Trátase da comprobación, por parte do Tribunal, de que as/os aspirantes comprenden, falan e/ou escriben correctamente o galego.

B.2 En todo caso sempre serán obxecto de valoración os cursos referentes ás seguintes materias transversais: prevención de riscos laborais, igualdade, idiomas, ofimática e informática, calidade, atención ao público e procedemento administrativo común, que se deberán acreditar igualmente mediante certificado do organismo que os impartiu ou homologou, no que deberá constar a materia e o número de horas lectivas.

8.3. A cualificación do concurso farase pública polo Tribunal de Valoración no Taboleiro de Edictos do Concello de Culleredo e na sede electrónica no prazo de máximo de tres meses a contar desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes. Devandito prazo poderá ser prorrogado por causas xustificadas e previa resolución motivada.

Os/as aspirantes dispoñerán dun prazo de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación, para presentar as alegacións que estimen oportunas. No período de alegacións non se terá en conta a achega de novos méritos, nin documentación que estando en posesión do/ da aspirante non a achegase no prazo outorgado para presentar os méritos. O prazo de corrección de defectos, reclamacións ou mellora de solicitude que se outorga queda referido exclusivamente respecto da documentación xa presentada.

Novena.- Cualificación do proceso selectivo.

A cualificación final do concurso será o resultado da suma das valoracións obtidas en cada un dos apartados establecidos na Base Oitava das presentes Bases específicas, sendo o resultado a cualificación definitiva do proceso.

En caso de empate na puntuación final, a orde de desempate establecerase atendendo en primeiro lugar ao aspirante con maior experiencia profesional acumulada no Concello de Culleredo en postos/prazas de iguais ou similares funcións e do mesmo grupo da categoría da convocatoria, e en segundo lugar á maior puntuación obtida no apartado de formación xeral. De persistir o empate, este liquidarase por orde alfabética do primeiro apelido dos aspirantes empatados, de conformidade coa letra que se determine no sorteo público anual realizado pola Secretaría de Estado para a Administración Pública a que se refire o artigo 17 do RGI, que se publicará no "Boletín Oficial do Estado" correspondente ao ano de execución do proceso selectivo.

Décima. Lista de valoración definitiva.

Finalizado o proceso de selección, o Tribunal de Valoración publicará no Taboleiro de Edictos do Concello de Culleredo, no prazo máximo dun mes, a relación dos/as aspirantes admitidos, pola orde de puntuación alcanzado no concurso, así como as puntuacións parciais obtidas en cada un dos apartados do proceso selectivo. Devandito prazo poderá ser prorrogado por causas xustificadas previa resolución motivada.

Simultaneamente á súa publicación no devandito Taboleiro, o Tribunal de Valoración elevará a relación expresada ao titular do órgano competente e publicarase na sede electrónica do Concello de Culleredo.

O Tribunal de Valoración non poderá propoñer para o seu nomeamento como funcionarios de carreira ou contratación como persoal laboral fixo un número superior de aspirantes ao das prazas convocadas. Non obstante o anterior, sempre que o Tribunal de Valoración propuxese o nomeamento de igual número de aspirantes que o das prazas convocadas, e co fin de asegurar a cobertura das mesmas, cando se produza a renuncia do aspirante seleccionado ou cando da documentación

achegada polo aspirante dedúzase que non cumpre os requisitos esixidos ou por circunstancias sobrevindas dedúzase a imposibilidade de incorporación do aspirante, antes do seu nomeamento, o órgano competente poderá requirir do Tribunal de Valoración relación complementaria dos/as aspirantes que sigan ao/a proposto/a para o seu posible nomeamento.

O acto que poña fin ao procedemento selectivo deberá ser motivado. A motivación dos actos do Tribunal de Valoración ditados en virtude de discrecionalidad técnica no desenvolvemento do seu labor de valoración, estará referida ao cumprimento das normas regulamentarias e das Bases da convocatoria.

Undécima.- Bolsas/listas.

11.1. Conforme ao disposto na Base 14 das Bases Xerais, unha vez finalizados os procesos selectivos, formarase unha bolsa ou lista, a efectos do seu posible nomeamento como funcionario interino e unha “bolsa” para o persoal laboral, para cando se de calquera das circunstancias que recolle o artigo 10.1 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do estatuto básico do empregado público, ou se requira a contratación temporal de persoal laboral, con aqueles/as aspirantes que cumpran os requisitos esixidos na convocatoria, ordenados segundo a puntuación obtida no proceso. Os/as aspirantes que non desexen formar parte das listas deberán presentar escrito de renuncia ante esta Administración.

11.2. Para estes efectos, unha vez publicada a Resolución de nomeamento dos/as funcionarios/as de carreira ou da contratación do persoal laboral fixo que superasen o proceso, o órgano competente publicará no prazo máximo dun mes a relación de aspirantes que deban integrar a correspondente lista de espera, ordenados por puntuación segundo o disposto nas bases xerais.

En caso de empate na puntuación, a orde de preferencia determinarase conforme ao criterio de desempate previsto no parágrafo segundo da Base Novena das presentes Bases específicas.

11.3. A lista resultante de cada proceso selectivo permanecerá en vigor ata a aprobación dunha nova bolsa resultante dunha convocatoria posterior, e deixará sen vixencia as listas derivadas de procesos anteriores. No caso de que unha lista xerada para un proceso selectivo se esgotase, quedará activada automaticamente a última que estivese vixente con anterioridade.

11.4. A lista publicarase no Taboleiro de Edictos do Concello de Culleredo e na sede electrónica.

Duodécima.- Incidencias e recursos.

Regularanse polo establecido na Base 16 das Bases xerais polas que se rexe o proceso selectivo.

Este documento ha sido firmado por SELO ELECTRONICO DO BOLETIN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA a las 12:35 del día 07/12/2022. Mediante el código de verificación 334E3Y3V2H6G504Y0Z4O puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

ANEXO I - SOLICITUDE DE ADMISIÓN A PROCESOS SELECTIVOS DAS PRAZAS INCLÚIDAS NO PROCESO EXTRAORDINARIO DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DE LONGA DURACIÓN CONTIDO NA DISPOSICIÓN ADICIONAL SEXTA DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO, DE MEDIDAS URXENTES PARA A REDUCIÓN DA TEMPORALIDADE NO EMPREGO PÚBLICO

CONVOCATORIA

Denominación praza á que se concursa (sinálese cun X no recadro correspondente)
<input type="checkbox"/> Enxeñeiro/a técnico/a agrícola
<input type="checkbox"/> Mediador/a social
<input type="checkbox"/> Educador/a social
<input type="checkbox"/> Técnico/a de orientación
<input type="checkbox"/> Axente de emprego e desenvolvemento
<input type="checkbox"/> Auxiliar administración xeral
<input type="checkbox"/> Auxiliar de información
<input type="checkbox"/> Auxiliar emerxencias e protección civil
<input type="checkbox"/> Conserxe
Quenda de discapacidade <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
<input type="checkbox"/> Profesor/a percusión
<input type="checkbox"/> Locutor/a
<input type="checkbox"/> Técnico son - locutor (praza incluída na cota de reserva para persoas con discapacidade)

DATOS PERSOAIS

Primeiro Apelido	Segundo Apelido	Nome
DNI	Sexo Varón / Muller	Data de nacemento
Lugar de nacemento		Nacionalidade

ENDEREZO - TELÉFONO

Enderezo		
Código postal	Localidade	
Teléfono	e-mail	

DATOS RELATIVOS A SERVIZOS PRESTADOS NO CONCELLO DE CULLEREDO

Constan en poder desta administración datos relativos a servizos prestados neste Concello: <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON

EXENCIÓN COÑECEMENTO GALEGO

Solicita exención acreditación coñecemento de galego: SI NON
--

DOCUMENTACIÓN PRESENTADA COA INSTANCIA (sinálese cun X no recadro correspondente)

- Fotocopia do documento nacional de identidade ou acreditación dos requisitos de nacionalidade e idade.
- Título ou acreditación do requisito de titulación
- Acreditación da formación pedagóxica e didáctica no caso de que se concursa á praza de profesor/a de percusión
- Relación dos méritos que se acrediten por cada un dos apartados de que conste o concurso.
- Documentación acreditativa dos méritos alegados
- Acreditación do nivel de CELGA de coñecemento da lingua galega correspondente á praza á que se opta
- Os aspirantes que optasen pola quenda de discapacidade deberán achegar certificación expedida polos órganos competentes do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, ou, no seu caso, da Comunidade Autónoma correspondente, na que se acredite a cualificación da minusvalía, o grao da mesma, así como a compatibilidade para o desempeño das tarefas e funcións correspondentes

A persoa abaixo asinante solicita ser admitida no proceso selectivo ao que se refire a presente instancia e DECLARA que son certos os datos consignados nela, e que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nesta convocatoria, comprometéndose a probar documentalmente tódolos datos que figuran nesta solicitude.

O solicitante autoriza ao uso dos datos consignados nesta instancia aos efectos previstos nas bases da convocatoria dos procesos selectivos.

Culleredo, de de
SR. ALCALDE CONCELLO DE CULLEREDO.”

Culleredo, a 1 de decembro de 2022

A concelleira delegada de Seguridade cidadá e Persoal

Marta María Figueroa Fuentes

PD. (Resolución do 13.07.2020, núm.114 BOP 23.07.2020)

2022/7624